



CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO, CURSO 2016/2017 DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA NOS CEIP DO CONCELLO E CEIP PÚBLICOS DOS CONCELLOS LÍMITROFES E EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NUN CENTRO PÚBLICO

Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios.

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, efectúa o Concello de Oza - Cesuras para a concesión de axudas para libros de texto e material escolar, curso 2016/2017, para aquelas familias empadroadas neste municipio que se atopen nunhas condicións económicas e sociais desfavorables, como acción de fomento e contribución aos gastos orixinados polo comezo do curso escolar destinados a alumnos/as cursando estudos de 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria nos CEIP do Concello e CEIP públicos dos concellos limítrofes e Educación Secundaria Obrigatoria nun Centro Público.

O presente expediente tramítase como gasto estando condicionada a súa efectividade á suficiente dotación presupostaria de 12.300,00 € dentro das partidas 326.48000 que o Concello se compromete a consignar na oportuna modificación de crédito.

Segunda. Beneficiarios/as, requisitos e xeito de acreditación.

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a) A solicitude formularaa o pai, nai ou titor/a do/a alumno/a tendo tanto o/a alumno/a como o/a solicitante que estar empadroados/as no Concello de Oza – Cesuras ou residir de modo efectivo no mesmo.
- b) Estar o/a alumno/a matriculado/a en ensinanzas obxecto desta convocatoria.
- c) Que os ingresos das unidades familiares non superen as cantidades que se recollen na base cuarta da presente convocatoria.
- d) Ter presentado a solicitude e documentación no prazo establecido (anexo I).
- e) Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude (anexo II).
- f) Cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira. Gastos subvencionables.

As axudas irán destinadas a cubrir os seguintes gastos:

- Educación Infantil: Libros de texto, material escolar.
- Educación Primaria: Material escolar.
- Educación Secundaria Obrigatoria: Material escolar.



Cuarta. Contía da axuda.

A contía da axuda concederáse en función dos ingresos económicos da unidade familiar. Segundo isto, establécese o seguinte baremo:

- **LIBROS DE TEXTO DE INFANTIL**

- **Axuda 1:** O límite estaría nunha renda familiar de 28.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle unha axuda de **40,00 €**.
- **Axuda 2:** O límite estaría nunha renda familiar de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle unha axuda de **100,00 €**.

- **MATERIAL ESCOLAR**

- **Axuda 1:** O límite estaría nunha renda familiar de 28.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle unha axuda de **40,00 €**.
- **Axuda 2:** O límite estaría nunha renda familiar de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle unha axuda de **90,00 €**.

Para estes efectos enténdese por:

a) UNIDADE FAMILIAR: Considérase familia para calcular o baremo de recursos, o matrimonio ou parella, os/as pais/nais ou titores legais e os/as fillos/as menores que dependan economicamente destes. No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co/a solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

b) RENDA FAMILIAR: O total de ingresos obtidos por todos os membros computables da unidade familiar, sexa cal sexa a súa procedencia (rendementos do traballo por conta propia ou allea, pensións, prestacións e subsidios, rendas de capital,...) resultante da suma das casañas 380 + 395 do IRPF 2015.

Quinta. Presentación de solicitudes, documentación a xuntar e prazo de solicitude.

1- As solicitudes deberán formularse segundo o modelo oficial que figura como Anexo I, e dirixiranse á Alcaldía do Concello de Oza-Cesuras en horario habitual de atención ao público (9:00 – 14:00 horas). Tamén se poderá obter o modelo de solicitude a través da páxina web www.concellodeozacesuras.es.



2- Xunto coa solicitude asinada polo/a solicitante (pai/nai ou titor/a), deberase presentar a seguinte documentación:

1.- Fotocopia do D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
2.- Fotocopia do libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).
3.- A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2015); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

- No caso de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2015) e, de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.
- No caso de estar desempregado/a, presentar documentación que acredite dita situación e certificado do INEM da percepción ou non de prestación.
- No caso de percibir pensión por xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberán presentar o certificado expedido polo organismo competente da cantidade percibida.
- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
- No caso de estimarse oportuno, por terse modificado desfavorablemente a situación económica, poderanse presentar tamén xustificantes de ingresos do ano 2016 ata a data da convocatoria, para que, no seu caso, unha vez analizadas as circunstancias, a Comisión Cualificadora poida proponden o que estime procedente.

4.- Xustificante de matrícula para o curso 2016/2017.

5.- Certificación bancaria do número de conta ou fotocopia da libreta de aforros na que figure o número de conta co IBAN e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante.

6.- Xustificantes indicados na cláusula oitava desta convocatoria.

- O empadramento comprobarase de oficio.

3- O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 15 de decembro de 2016.



Sexta. Procedemento de concesión de axuda.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas polos Comisión Cualificadora a totalidade das solicitudes presentadas, que emitirán un informe proposta de concesión/denegación e logo procederase a súa aprobación polo órgano competente.

Sétima. Órgano competente

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde ou Xunta de Goberno Local na que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora que estará composta polas integrantes dos Servizos Sociais deste municipio (Traballadoras Sociais e Educadora Familiar).

Oitava. Xustificación.

Para a xustificacións os/as beneficiarios/as deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos e condicións e da finalidade que determina a concesión da subvención (Anexo IV).
- Relación clasificada de gastos realizados con identificación dos/das acreedores/as, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos, acompañada de facturas ou xustificantes de pago (Anexo IV).
- Relación detallada das subvencións ou axudas solicitadas ou obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto (Anexo IV).

En calquera caso o/a beneficiario/a ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O/a beneficiario/a ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena. Pagamento e entrega da axuda

O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia bancaria para o cal o/a solicitante deberá presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese dita axuda. Non obstante, o concello poderá acordar outra forma de pagamento.

Décima. Compatibilidade

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios/as cos requisitos previstos na base segunda.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concurrencia con outras subvencións, ingresos ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo do investimento feito polo beneficiario/a.

Undécima. Recursos

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o/a interesado/a poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común ds Administración Públicas.


2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdición do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición do Contencioso Administrativo.

3. Todo iso, sen prexuízo de que o/a interesado/a interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Duodécima. Interpretación.

Cálquela dúbida que poida plantexarse da interpretación das presentes bases será resolta pola Comisión Cualificadora.

Oza-Cesuras, 1 de outubro de 2016



O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro